

Ó PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 06/2023 _ (EXT. 06/23) [CIVIDAS: 2023059667]

PROPOSTA DE ACORDO

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 02 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23), por importe de 28.283,45 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose na súa totalidade con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible.

Resultando que a Intervención emite informe de data 21 de setembro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 06/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23) por importe de 28.283,45 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios "EXT. 06/23":



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762,06	A CONCELLOS_ ARBO, PARA INVESTIMENTOS _ COOPERACIÓN (Subvención Nominativa para afrontar o cofinanzamento do Concello ao investimento: "Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo")	28.283,45 €
	SUMA...	28.283,45 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios o6/23:

O expediente de créditos extraordinarios, fináncianse na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	28.283,45 €
	Total ingresos...	28.283,45 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	28.283,45 €
SUMA...	28.283,45 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferinas de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	28.283,45 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	28.283,45 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	28.283,45 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferinas de capital.	28.283,45 €
GATOS NON FINANCEIROS...	28.283,45 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	28.283,45 €



Este expediente tramitase de forma excepcional coa finalidade de que o concello de Arbo poida afrontar o cofinanzamento do proxecto sinalado, para o cal, a Secretaría de Estado de Política Territorial mediante resolución de 16 de xuño de 2023, acorda a asignación das subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial e insular, previstas no acordo do Consello de Ministros de 23 de agosto de 2022, no que se declara zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil o territorio afectado como consecuencia de incendios forestais acontecidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2022; ao concello de Arbo se lle outorgaron 28.283,44 €, sobre un orzamento de 56.566,89 € co obxecto do financiamento da actuación "Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo", debendo, polo tanto, financiar a entidade municipal 28.283,45 €.

Dada a urxencia do investimento e co fin de facilitar ao concello o cumprimento da finalidade proposta, debido a falta de recursos económicos suficientes para afrontar o cofinanciamento, a Deputación propón o outorgamento dunha subvención nominativa con consignación orzamentaria. Mais, o importe da subvención concedida se lle detraerá ao concello de Arbo da cantidade que lle poida corresponder no futuro Plan de Obras e Servicios Municipais para o exercicio 2024.

2. Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
23/942-9420-762,06	A CONCELLOS_ ARBO, PARA INVESTIMENTOS_ COOPERACIÓN	28.283,45 €	SUBVENCIÓN NOMINATIVA
P3600100F	CONCELLO DE ARBO	28.283,45 €	Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 06/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.06/23), por importe de 28.283,45 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 06/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

Non obstante o Pleno resolverá

Asinado dixitalmente ao marxe.

